



DATOS IDENTIFICATIVOS

Interpretación idioma 2: Inglés-Galego

Materia	Interpretación idioma 2: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01909			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Currais Arcay, Jacobo			
Profesorado	Currais Arcay, Jacobo			
Correo-e	xcurrais@yahoo.co.uk			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é que o estudante perfeccione a súa competencia interpretativa no marco da interpretación simultánea e que desenvolva as técnicas de tradución á vista como actividade profesional e como aprendizaxe da coordinación de esforzos cognitivos. A finalidade é que, ao término da formación, o alumnado consiga realizar satisfactoriamente unha interpretación simultánea dunha área temática non especializada na combinación inglés>galego.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A6	Utilización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A12	Posuír unha ampla cultura
A13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A19	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A20	Facilidade para as relacións humanas
A21	Rigor e seriedade no traballo
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Traballo en equipo
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade

B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B20	Lideranza
B21	Sensibilidade co medio
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
B23	Capacidade de traballo individual
B24	Deseño e administración de proxectos

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Proporcionar coñecementos teóricos básicos sobre os principios que rexen a interpretación consecutiva, simultánea e de enlace en Idioma 2.	A2 A8 A9 A17 A21	B6 B8 B9 B10
Afondar nas bases metodolóxicas das técnicas de interpretación aplicadas ao Idioma 2	A2 A8 A9 A17 A18 A21	B6 B7 B8 B9 B11 B12 B13 B15 B17 B22 B23
Afondar nas técnicas de procura documental e de elaboración de glosarios aplicados ao Idioma 2.	A5 A6 A8 A14 A16 A17 A18 A19 A21	B2 B4 B5 B6 B7 B9 B12 B13 B14 B15 B22 B23
Adquirir coñecementos teóricos e prácticos sobre os distintos ámbitos de traballo onde pode desenvolverse a interpretación, concretamente a interpretación de Idioma 2.	A2 A9 A17 A20 A21	B8 B11 B12 B13 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B23 B24
Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción do discurso oral no Idioma 2.	A1 A2 A4 A8 A12 A13 A17 A18	B2 B3 B6 B9 B15 B17 B22 B23

Contidos

Tema

Marco teórico.	<p>1.1. Particularidades da comunicación oral con relación á escrita. Superación do estrés e nerviosismo. A voz. Os rexistros.</p> <p>1.2. Modelos e fases de procesamento da información para a interpretación simultánea.</p> <p>1.3. Especificidades da interpretación na combinación lingüística inglés-español.</p> <p>1.4. Características do mercado laboral.</p>
Prácticas de interpretación en laboratorio.	<p>2.1. Exercicios de análise e síntese de discursos orais.</p> <p>2.2. Exercicios de memorización.</p> <p>2.3. Exercicios de reactivación léxica e semántica.</p> <p>2.4. Exercicios de reformulación.</p> <p>2.5. Exercicios de aplicación de estratexias comunicativas e interpretativas.</p> <p>2.5. Exercicios de interpretación simultánea de discursos orais (en>gl).</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	41	80	121
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	22	28
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	<p>Trátase do traballo principal que se desenvolve nos laboratorios habilitados para a práctica da interpretación. Realízanse actividades relacionadas coas principais estratexias para a interpretación simultánea na combinación en>gl, xunto con exercicios prácticos de interpretación simultánea en diferentes áreas temáticas. Para alén dos traballos realizados nas aulas, o docente orientará os estudantes sobre os traballos prácticos de interpretación simultánea que deberán levar a cabo por conta propia.</p> <p>A finalidade é que o alumnado consiga realizar satisfactoriamente unha interpretación simultánea na combinación en>gl.</p>
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade práctica orientada cara á resolución de problemas e dúbidas, sobre todo de tipo técnico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos de aula	<p>O estudante deberá reflexionar en todo momento sobre a súa evolución e o grao de consecución dos obxectivos de aprendizaxe da materia, expondo calquera dúbida ao respecto ao docente desde as fases máis temperás da aprendizaxe, tanto na clase coma nas horas de titorías. Na atención personalizada, o docente axudará os estudantes a reflectiren sobre as causas dos problemas de aprendizaxe e a deseñaren un plan de traballo encamiñado á consecución dos obxectivos da materia. Non se descarta que o alumno teña que procurar formas que impliquen máis dedicación da referida na guía docente, no caso de ter lagoas básicas de coñecementos exixidos como requisitos mínimos da materia.</p>

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	<p>Terase en conta só para os estudantes que se acolleren á avaliación continua. Valorarase a participación na resolución de problemas derivados da práctica da IS e da tradución á vista.</p>	10
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	<p>Realización dunha proba de interpretación simultánea en>gl. Para cualificar esta proba valorarase os seguintes elementos:</p> <p>1. Técnica: capacidade de escoita activa e análise; toma de decisións a respecto da información principal necesaria (estratexia mínima, principio de simplificación); estruturación (ordenar os bloques coherentemente e uso de nexos); resolución de problemas.</p> <p>2. Contidos: corrección e adecuación dos contidos</p> <p>3. Producción: rexistro, fluidez, prosodia, seguridade, ritmo/compás, articulación.</p> <p>4. Expresión: corrección lingüística e adecuación léxica.</p>	90

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes serán avaliados a través dunha proba consistente na interpretación simultánea dun discurso na combinación en>gl. A proba terá lugar o 29 de abril de 2014, na última semana do calendario lectivo. Os criterios de avaliación serán os descritos no apartado anterior. A porcentaxe da nota do exame é do 90% para os estudantes que se acolleren á avaliación continua e do 100% para os demais. Para poderen optar á avaliación continua, os estudantes deberán asistir a un 80% das sesións. Alén diso, será imprescindible obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10 na proba de interpretación simultánea para aprobar a materia no seu conxunto, ao que se sumará a puntuación acadada nos outros apartados.

O exame da convocatoria extraordinaria de xullo celebrarase o día marcado no calendario oficial. Empregaranse os mesmos criterios de avaliación que se aplican á proba realizada na convocatoria ordinaria. Non se terá en conta o 10% correspondente á avaliación continua e a cualificación de xullo corresponderá unicamente ao resultado do exame realizado nesta convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

BAIGORRI, J., **La Interpretación de conferencias: el nacimiento de una profesión**, 2000,

GILE, D., **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, 1995,

HERBERT, J., **The interpreter's handbook**, 1956,

NOLAN, J., **Interpretation: techniques and exercises**, 2005,

ALONSO BACIGALUPE, L., "**O mercado profesional da tradución e a interpretación**", en **Inserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación**, 2010,

CURRAIS ARCAJ, J., "**Aproximación ao mercado da interpretación de conferencias en Galicia**", en **ALONSO BACIGALUPE, L. [Ed.] Inserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación**, 2010,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210

Interpretación consecutiva idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01619

Interpretación de enlace idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01516

Interpretación simultánea idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01603
